

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o seis de setembro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 1º, don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 26 DE XULLO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e seis de xullo de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL CIVITAS LIMICORUM.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 12.000,00 euros a favor da Asociación Cultural Civitas Limicorum para a celebración da festa do esquecemento correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural Civitas Limicorum, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

-Importe: 12.000,00 €.

-Obxecto: celebración da actividade: festa do esquecemento correspondente ó ano 2013

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN MUSICAL DE TRASMIRAS.

- No Pleno con data 31 de maio de 2013 acordouse aproba-lo expediente n.º 3/2013 de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2013. Esta modificación consiste en:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 prevíase unha subvención ó Concello de Trasmiras para a Escola de Música e baseándose no escrito remitido polo Concello de Trasmiras con data 15/05/2013, a solicitante da axuda é a Asociación Musical de Trasmiras, polo que a subvención polo importe de 13.000,00 euros se lle debe conceder á dita asociación con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/780.08.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Musical de Trasmiras, nos seguintes termos:

-Importe: 13.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da Escola de Música correspondentes ó curso 2012-2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013

facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE LIBREROS DE GALICIA.

- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 6.000,00 euros a favor da Federación de Libreros de Galicia para a celebración da 29 edición da feira do libro de Ourense, correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Federación de Libreros de Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: a celebración da 29 edición da feira do libro de Ourense, correspondente ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN FESTA DA HISTORIA.

- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 10.500,00 euros a favor da Fundación Festa da Istoría para a celebración da Festa da Istoría correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Festa da Istoría, nos seguintes termos:

-Importe: 10.500,00 €.

-Obxecto: celebración da actividade: Festa da Istoría correspondente ó ano 2013

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE GOMESSENDE.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 35.000,00 euros a favor do Concello de Gomesende, para as obras de traída de auga a Feardos, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

orxamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Gomesende, nos seguintes termos:

-Importe: 35.000,00 €.

-Obxecto: as obras de traída de auga a Feardos.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIBADAVIA.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 6.000,00 euros a favor do Concello de Ribadavia, para a celebración da 50 edición da feira do viño do Ribeiro, correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orxamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Ribadavia, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: a celebración da 50 edición da feira do viño do Ribeiro, correspondente ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 10.000,00 euros a favor do Concello de Riós, para a celebración do festival das artes escénicas Abelardo Gabriel correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: a celebración do festival das artes escénicas Abelardo Gabriel correspondente ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de setembro de 2013
--

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 23.000,00 euros a favor do Concello de Riós, para as obras de renovación da iluminación pública na Veiga do Seixo, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 23.000,00 €.

-Obxecto: as obras de renovación da iluminación pública na Veiga do Seixo.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

10.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día seis de setembro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,